


25 e 26 de xullo de 2003

<http://members.fortunecity.es/ribadeocertamen>

e-mail: ribadeocertamen@hotmail.com



I CERTAME INTERNACIONAL DE BANDAS
E CONCURSO DE COMPOSICIÓN DE MÚSICA DE CINE

"Vila de Ribadeo"

xurado

Banda Municipal de Música de Valga (Pontevedra)

Banda de Música da Unión Veciñal, Cultural e Deportiva "Candean"

Banda Municipal de Música de Viveiro

Unión Musical de Valladares (Vigo)

Banda de Música de Lalín

BANDA ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo



© Director: D. José Luis Álvarez


Naceu en Vegadeo (Asturias) en Marzo do 1974, comezando a súa andadura musical á idade de 9 anos. Titulado Superior de Saxofón e Medio de Acordeón, realiza estudos nos conservatorios de Santiago de Compostela, Barcelona e Oviedo.

Neses anos contou co apoio e inestimable axuda dos profesores Hernán Naval, Narciso Pillo, J. Luis Penedo e Roberto Abella.

Os 25 anos convírtese no director máis xove do territorio asturiano incorporándose á Escuela Municipal de Música de Vegadeo, cargo que ocupará deica o seu nomeamento como Director da Escola Municipal de Música e Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo en setembro do mesmo ano.

No verán do 2001 forma a Big Band Ribadeo e en outubro do mesmo ano é nomeado director da Big Band da Asociación Galega de Escolas Municipais de Música (AGEMM).

José Luis Álvarez estudia dirección de banda de música co Mestre Marcel Van Bree (director da Banda Sinfónica de Galicia, Banda da Federación Galega de Bandas de Música e do Conservatorio e Banda de Música de Lalín.



OBRAS FORA DO CONCURSO

- El Exorcista -----Mike Oldfiel/arr. Marcos Rdguez.
- Music from Braveheart-----James Horner/arr. Johnnie Vinson
- El Piano-----Michael Nyman
- Sing Sing Sing -----Louis Prima/arr. Dick Ravenal
- You Can Leave Your Hat On -----Randy Newman

26 DE XULLO
(Durante deliberación tribunal)





Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Promovida pola Asociación "Amadores da Música" en convenio permanente co Excmo. Concello de Ribadeo, fixo a súa presentación pública en concerto, o 25 de Xaneiro de 1992, baixo a dirección de D. Hernan Naval Parapar. Da man de este gran mestre, nos seus poucos anos de actividade concertística, pasou dun plantel inicial de corenta membros a unha Banda Sinfónica de máis de oitenta músicos todos eles amateurs.

A Banda ten actuado nas principais cidades de Galiza (no Teatro Colón de A Coruña, na Praza da Quintana de Santiago, no Círculo das Artes de Lugo, na Concatedral de Ferrol, no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, etc.) e, no exterior, tocou en Madrid (La Vaguada, Hotel Foxá e Plaza Mayor), Barcelona (Provençals e Plaça Real), Murcia, Oviedo (representando a Galicia no Festival Estatal de Bandas celebrado no Teatro Campoamor), Aranjuez e Portugal. Tamén ten actuado na Televisión de Galicia e na Televisión Española.

A BSMR realiza anualmente unha programación estable de concertos en Ribadeo. Nela inclúe programas monográficos (música de cine), e outros, como o de Nadal ("Aquí como en Viena"), forman parte xa dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo.

A finais do 1997 a Banda editou o seu primeiro CD. No disco, que colleitou un importante éxito de vendas e de crítica e que actualmente atópase esgotado, participa o prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz. No 2001 a BSMR grabou o seu segundo CD, encargando a Asociación "Amadores da Música" a Marcel Van Bree o remate do mesmo por mor do imprevisto falecemento de D. Hernán Naval. Estes rexistros son una boa mostra do heterodoxo facer da Banda na súa curta pero intensa traxectoria: música clásica de carácter sinfónico, bandas sonoras, nova música para orquesta de vento e percusión....., sempre dende un concepto de actividade bandística de carácter educativo, tanto para o público como para a propia Banda, rompendo cos atavismos das dianas e as alboradas como único horizonte das bandas populares.


Tras un breve periodo de transición pasa a ocupar a dirección da agrupación José Luis Alvarez, con a misión de continuar a labor, tanto dentro da Escola como Banda Municipal, do mestre Hernán Naval, o achegamento do mundo da música a todos os cidadáns do Concello de Ribadeo e comarcas veciñas.

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo

Asociación Amadores da Música

XUNTA
DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA

EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO



Fotografía Suso Peira • Diseño e Impresión GRÁFICAS RIBADEO